

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Publicidade dos acordos do Pleno do Concello de data 12.7.2019 en materia de organización municipal

EDICTO

Publicidade dos acordos do Pleno do Concello, de data 12/07/2019, en materia de organización municipal

1.–En cumprimento do previsto no art. 51.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF):

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
3. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
4. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado 1 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP) que celebre o Concello, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao alcalde-presidente, conforme ao devandito apartado:

Os contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, a contía de seis millóns de €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada.

5. Aqueloutras que deban corresponder ao Pleno por non esixir a súa aprobación unha maioría especial.
6. As demais que expresamente lle confiran as leis.

2.–En cumprimento do establecido no art. 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL):

2.1.–DETERMINACIÓN DOS CARGOS QUE LEVEN APARELLADO O SEU DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU DEDICACIÓN PARCIAL E DAS RETRIBUCIONES DOS MESMOS.

- Alcalde-presidente, exercicio do cargo en réxime de dedicación exclusiva, retribucións brutas 49.700,00 €/ano, distribuídas en 14 pagas. Con efectos retroactivos do 15/06/2019 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro).
- Concelleira delegada de política social, igualdade, educación e traballo, exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (30 horas semana), retribucións brutas 26.880,00 €/ano, distribuídas en 14 pagas. Con efectos do 01/08/2019.
- Concelleiro delegado de cultura, mocidade e voluntariado, exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas 17.920,00 €/ano, distribuídas en 14 pagas.
- Concelleiro delegado de obras e infraestruturas, exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas 17.920,00 €/ano, distribuídas en 14 pagas.

As citadas contías variarán anualmente na mesmo porcentaxe que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo das Administracións Públicas.

2.2. FIXACIÓN DO IMPORTE DAS ASISTENCIAS Á ORGANOS COLEXIADOS.

Os concelleiros que non exerzan os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación dos que formen parte nas contías seguintes:

- Asistencia a sesións do Pleno: 150,00 €.

- Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: 240,00 €.
- Asistencia a sesións das Comisións Informativas: 120,00 €.
- Asistencia a sesións da Xunta de Voceiros: 60,00 €.
- Asistencia a sesións do Consello da Emisora Municipal: 120,00 €.

Ordes, 16 de xullo de 2019.

O alcalde-presidente

José Luís Martínez Sanjurjo

2019/5945